

CONTRATACIÓN

MLA/MLA

Refº: Acta xestión cumio alcaldes O.T.doc

Asunto:

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

ASUNTO: CONTRATACIÓN DO SERVIZO PARA A XESTIÓN DA ORGANIZACIÓN DO CUMIO DE ALCALDES, ALCALDESAS E CIDADES SOBRE DROGAS. EUROPA, AMÉRICA LATINA E O CARIBE.

Sendo as 13:45 horas do día 12 de marzo de 2010, no salón de comisións do Centro de Servizos Municipais (sito na Ronda da Muralla 197), constitúese a Mesa de Contratación, presidida pola Ilma Sra Tenente de Alcalde e Concelleira delegada da Área de Economía e Emprego, dona Sonia Méndez García, actuando como vocais don José Fernando Piñeiro Díaz, polo Grupo Municipal do Partido Socialista de Galicia, dona Alicia Peña Murias, polo Grupo municipal do Partido Popular, don Xosé Chorén Vázquez, polo Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, don Marcial Rodríguez Toajas interventor xeral do Concello, dona Ana I. Sáez Mancebo, titular da asesoría xurídica e actuando como secretario don Manuel Louzao Aldariz, xefe do servizo de contratación, patrimonio e fomento do Concello.

Abre a sesión a Sra Presidenta e procédese por parte do Sr Secretario a informar ós presentes que a empresa DIURBAGAL GALICIA S.L completou a súa documentación administrativa relativa á solvencia técnica e polo tanto, son dúas as empresas admitidas á licitación.

A continuación procédese por parte da Presidenta da mesa de contratación á apertura dos sobres B correspondentes ós criterios non avaliábles automaticamente, comprobándose por parte dos membros da mesa que conteñen toda a documentación relativa a tales criterios.

Á vista das ofertas e tendo en conta que son varios os aspectos técnicos que deben ser obxecto de valoración con carácter previo á apertura dos sobres C (ofertas económicas), os integrantes da mesa de contratación acordan por unanimidade solicitar un informe técnico da responsable do servizo municipal de drogodependencias, dona Lidia Platas. Unha vez emitido ese informe, a mesa volverase a reunir nun novo acto público para a apertura dos sobres coas ofertas económicas e a realización, se procede, da proposta de adxudicación.

CONTRATACIÓN

MLA/MLA

Refº: Acta xestión cumio alcaldes O.T.doc

Asunto:

Sen mais que manifestar, conclúese co asunto de referencia ás 13:55 horas no lugar sinalado no encabezamento.

A PRESIDENTA

O SECRETARIO

Asdo: Sonia Méndez García

Asdo: Manuel Louzao Aldariz